

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL-ANEAE

TITULACIÓN: MÁSTER EN BIOTECNOLOGÍA AVANZADA

CENTRO: FACULTAD DE BIOLOGIA

CURSO ACADÉMICO: 2024/2025

Índice

1. Presentación	pax. 2
2. Os axentes implicados e as súas funcións	pax. 3
3. Obxectivos	pax. 3
4. Actividades	pax. 5
5. Metodoloxía	pax. 8
6. Recursos	pax. 8
7. Avaliación	pax. 10
ANEXOS	
<i>Anexo I :Relación de alumnos e titores asignados, RAT</i>	pax. 13
<i>Anexo II :Ficha Inicial de detección de necesidades, DIN</i>	pax. 14
<i>Anexo III: Ficha de seguimento de Tutorías del PAT</i>	pax. 16

1. Presentación

O Plan de Acción Titorial do Máster en Biotecnoloxía Avanzada configúrase como o instrumento a través do cal se diseña o contido e a execución das distintas accións relativas á titoría universitaria.

Supón superar o modelo estritamente académico, unicamente preocupado pola transmisión de coñecementos, e apostar por un modelo educativo no que conflúen ademais funcións socio-educativas, baseadas en relacións recíprocas e interaccións titor-alumno, alumno-alumno...etc.

Preténdese ir consolidando unha liña de acción titorial coherente coas necesidades dos alumnos, normalizando as distintas accións e alcanzando un axeitado equilibrio entre as expectativas dos alumnos e os obxectivos que se expoñen no marco do Espazo Europeo de Educación Superior.

Neste sentido, é de importancia destacar un dos principios polos que aposta o Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Bioloxía (a que está adscrito o Máster), e ao que con este plan se trata de responder: a adecuación de métodos de ensinanza, aprendizaxe e avaliación á adquisición de competencias do alumnado, atención á diversidade, orientación á aprendizaxe... etc., recollidos dunha forma ampla en distintos capítulos do manual de Calidade e os Procedementos que o centro ten deseñado no marco do Real Decreto 822/2021 de 28 de setembro.

2. Os axentes Implicados e as súas funcións

No desenvolvemento do Plan de Acción Titorial do Máster en Biotecnoloxía avanzada interveñen os distintos axentes que se relacionan a continuación:

Axentes implicados	Funcións
<ul style="list-style-type: none"> • A Comisión Académica • Os Titores-colaboradores • Comisión de Garantía de Calidade 	Deseño do PAT
<ul style="list-style-type: none"> • A Comisión Académica 	Aprobación do PAT
<ul style="list-style-type: none"> • A Comisión académica • Os Titores-colaboradores 	Presentación do PAT
<ul style="list-style-type: none"> • OFOE • Fundación Universidade de Vigo • SIOPE • ORI • Delegación de Alumnos • Servizo de Alumnado-Bolsas 	Apoio/Colaboración
<ul style="list-style-type: none"> • Titores • Comisión Académica • Coordinador • Alumnos 	Implantación
<ul style="list-style-type: none"> • Coordinador 	Coordinación e Seguimento
<ul style="list-style-type: none"> • Coordinador • Titores • Alumnos 	Avaliación
<ul style="list-style-type: none"> • Coordinador • Comisión de Garantía de Calidade 	Análise de Resultados e Elaboración da Memoria Final

3. Obxectivos

A Comisión Académica, coa implantación do PAT, márcase os seguintes obxectivos para este curso:

5.1 Obxectivos Xerais
– Establecer a titoría e a orientación profesional no Máster en Biotecnoloxía Avanzada como modo de diversificar a axuda educativa ao estudante durante o período de realización do mesmo.
– Establecer un sistema de información, orientación e seguimento académico para os estudantes mediante a asignación dun profesor-titor.
– Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria.
– Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a Universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar...
– Potenciar a capacidade de aprendizaxe autónomo do estudante e as posibilidades de traballo colaborativo e en equipo.
– Entender a función do profesor como a dun axente que orienta e guía a aprendizaxe do estudante para acadar progresivamente a regulación e xestión autónoma do mesmo.

- Fomentar a capacidade de análise e resolución dos problemas e a toma de decisións baseada en criterios ben establecidos, que impliquen a necesidade de xuízo crítico e construtivo.

5.2 Obxectivos Específicos

- Facilitar e mellorar a integración dos estudantes na vida académica.
- Mellorar a satisfacción dos estudantes coa formación recibida.
- Reducir a taxa de abandono.
- Aumentar a taxa de eficiencia e a taxa de graduación.
- Mellorar a información dos estudantes en relación co centro e a universidade
- Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo dos alumnos.
- Orientar e fomentar a inserción laboral dos alumnos.

4. Actividades

As actividades do PAT van dirixidas a todo o alumnado do Máster en Biotecnoloxía Avanzada, prestando unha especial atención aos/ás estudantes cando ingresan no máster e cando finalizan os estudos do mesmo, xa que este alumnado se caracteriza por vivir un momento de inseguridade e desorientación ante a súa nova realidade.

Ademais a titoría persoal será esencial ao longo de todo o máster, como garante dunha formación de calidade e apoio ás dificultades e necesidades que poidan ter os/as estudantes no seu transcurso evitando así, altos índices de abandono e/o fracaso na titulación.

As liñas de actuación a levar a cabo clasifícanse en cinco bloques básicos o primeiro deles común a todos os demais:

BLOQUE 0: Accións de Organización

BLOQUE 1: Accións de Acolida

BLOQUE 2: Apoio á Formación

BLOQUE 3: Accións de Orientación Profesional

BLOQUE 4: Atención á Diversidade

BLOQUE 0: Accións de organización comúns

Se realizarán unha serie de sesións informativas encamiñadas a presentar os contidos e desenvolvemento das accións previstas no PAT.

Actividad 1. Organización-Presentación do PAT: Os Coordinadores diseñarán o PAT e organizarán unha xornada de presentación do mesmo aos distintos implicados co fin de realizar a distribución definitiva das distintas accións entre os titores, titores-alumnos e coordinadores participantes, aulas de atención, etc. (VER ANEXO I)

Estableceranse tamén, os horarios de atención ao alumnado e de coordinación docente. Designarase a un coordinador/a da Titoría que regulará a correcta posta en marcha e desenvolvemento das accións titoriais, e a realización de actuacións comúns e harmonizadas de todos os responsables da mesma.

Actividade 2. Seguimento do PAT: Os Coordinadores do PAT reuniranse cos Titores para recoller as evidencias das reunións cos alumnos, valorar o seguimento das accións do PAT, e solventar as dificultades no previstas.

Actividade 3. Análise e avaliación final de PAT: Os coordinadores e os titores analizarán as evidencias, as dificultades e os resultados dos cuestionarios de satisfacción do alumnado. Elaborarase a memoria final do PAT.

Os axentes responsables deberán analizar ademais as dificultades e problemas detectados e introducir as melloras que se consideren necesarias no Plan no seguinte curso. Todas estas cuestións deberán ser rexistradas nun informe ou memoria final que correrá a cargo do coordinador/a que contará coa estreita colaboración do resto de responsables da Titoría.

BLOQUE 1: Accións de Acolida

Actividade 1. Sesión informativa-obrigatoria (13 Setembro 2024): o primeiro día do curso académico celebrarase unha sesión de presentación co alumnado do máster a cargo dos coordinadores, tal e como figura no calendario oficial do curso. Ofrecerase ao alumnado información sobre o plan de estudos e planificación docente con especial atención á páxina web e o Google calendar onde terán comprida información da programación da docencia, e sobre as saídas profesionais, as prácticas, a normativa do centro, os servizos administrativos e as salas de estudo e informática, presentando ademais o propio PAT. Despois se informará ao alumnado da estrutura, normativas e trámites a seguir para realizar as Prácticas Externas e o Traballo Fin de Grado durante o curso seguinte, aspecto que será abordado novamente nunha seguinte reunión co Coordinador a celebrar o 20 de febreiro de 2025 (ver Actividade 3).

Igualmente, suministrarase información (ou indicaráselle onde se pode atopar) sobre os principais servizos universitarios como: SIOPE, OFOE, Fundación Universidade de Vigo, ORI, etc. Tamén informarase sobre as distintas actividades, deportes, cursos de formación, etc. cos que conta a Universidade de Vigo, para favorecer unha verdadeira inclusión académica, social e persoal do alumnado de nova incorporación ao centro. Esta información irá dirixida fundamentalme ós estudantes do máster que non foron previamente alumnos da UVigo.

Asemede, comunicarase aos alumnos/as quen será o seu Titor e informaráselle do desenvolvemento efectivo das actividades de titoría.

Na outra universidade participante, a UDC, farase unha sesión de acolida informativa paralela cos alumnos matriculados na UDC onde abordaranse os mesmos aspectos que na de UVIGO

BLOQUE 2: Acci3ns de Apoio 3 Formaci3n

Actividade 1. Reunici3n Alumnos-Titores I (20 setembro 2024): Os titores ter3n unha sesi3n inicial co seu alumnado para presentar o funcionamento (horarios, obxectivos...etc.) das titor3as, explicar a s3a utilidade, e ofrecer a posibilidade de titor3as individuais para orientar sobre as posibles dificultades que atopen na superaci3n das materias ao longo do mestrado. Poderase solicitar aos alumnos a cumprimentaci3n dun cuestionario (VER ANEXO II) coa finalidade de poder realizar unha primeira an3lise de necesidades e coñecer as s3as expectativas en torno ao PAT. Recollerase evidencia da reuni3n segundo o Anexo III.

Actividade 2. Reunici3n Alumnos-Titores II (10 Xaneiro 2025): Solicitarase aos alumnos que emitan a s3a opini3n sobre a marcha do primeiro semestre (dificultades atopadas nas materias e aspectos que convendr3a mellorar na programaci3n docente), que posteriormente ser3 analizadas, xunto cos documentos de seguimento aportados polos titores (ANEXO III) para a elaboraci3n do correspondente informe. Se lles dar3n tam3n orientaci3ns sobre aqueles aspectos que demanden relativos 3s materias do segundo semestre e sobre as materias de Pr3cticas Externas e TFM do curso seguinte (elecci3ns de destinos, li3as de traballo, etc.).

Actividade 3. Reunici3n Alumnos-Coordinador I (21 Febreiro 2025): O coordinador reunirse cos alumnos para recoller as s3as perspectivas e resolver d3bidas sobre as Pr3cticas Externas e o Traballo Fin de M3ster a realizar durante o curso seguinte, e tam3n para contrastar de primeira man con todos os estudantes a informaci3n recollida polos titores no que se refire as deficiencias detectadas durante a planificaci3n e desenvolvemento da docencia do primeiro semestre (m3dulo 1), e recoller tam3n esta informaci3n sobre as materias do m3dulo 2.

Actividade 4. Reunici3n Alumnos-Titores III (6 Xu3o 2025): Solicitarase aos alumnos que emitan a s3a opini3n sobre a marcha do segundo semestre (dificultades atopadas nas materias da especialidade e aspectos que convendr3a mellorar na s3a programaci3n docente), que posteriormente ser3n recollidas no correspondente informe.

De xeito m3is detallado, en cada unha das reuni3ns, os temas a abordar ser3n os seguintes:

I-Dificultades atopadas nas distintas materias da titulaci3n

No caso de haber alumnado con alg3n tipo de necesidade espec3fica de apoio educativo, comunicarase ao Gabinete Psicopedag3gico da Universidade de Vigo, para solicitar apoio e asesoramento de ser necesario.

II-Seguimento da situaci3n real do alumno fronte ao proceso de ensinanza-aprendizaxe tratando de identificar posibles dificultades de aprendizaxe. Poderanse analizar aspectos como:

- Valoraci3n do desenvolvemento das materias.
- Reflexi3n sobre o seu enfoque de aprendizaxe (planificaci3n, concentraci3n, traballo en equipo, estudo continuo...).

- Reflexión sobre a súa actitude cara a aprendizaxe (motivación, inseguridade, expectativas, autoconceito académico...).
- Orientacións en canto a técnicas de estudo.

III-Análise do rendemento académico do primeiro cuatrimestre, posibles problemas de adaptación ao centro, estratexias de aprendizaxe utilizadas, cumprimento de expectativas. Deberá realizar unha toma de decisións sobre os cambios a realizar e planificar o segundo cuatrimestre.

IV-Análise da situación particular de cada estudante ao finalizar o curso académico. A persoa titora poderá orientar na toma de decisións do alumnado: sobre o seguinte curso académico, a preparación das materias non superadas, ou outras cuestións de interese.

BLOQUE 3: Accións de Orientación Profesional

Este bloque ten como destinatario principal, o alumnado que finaliza os seus estudos de máster e necesita asesoramento ante a nova situación que se lle presenta, xa que deberá decidir que facer co seu futuro máis próximo: inserción no mundo laboral (currículo, entrevistas, estratexias de búsqueda de emprego...), continuar coa súa formación académica (doutoramento).

Actividade 1. Sesión informativa en Colaboración cos Servizos da Universidade de Vigo (marzo/abril do segundo ano): A Comisión Académica do Máster, dacordo co Decanato da Facultade de Bioloxía e cos titores, poderá coordinar e/ou publicitar Xornadas de emprendemento nas que persoal da Fundación Universidade de Vigo, OFOE, ORI, Becas, Extensión Cultural, Colexio Oficial de Biólogos, etc., explicarán distintas iniciativas ou accións que desenvolven ou xestionan e das cales poden beneficiarse os alumnos que finalizan os seus estudos de Máster.

Actividade 2. Outras accións de orientación laboral: Se fomentará a publicidade e a participación do alumnado en eventos e xornadas de promoción laboral e búsqueda de emprego (Forum Emprego, Finde-U, etc.) onde os estudantes poden atopar oportunidades de inserción laboral e mellorar, a través de diferentes talleres prácticos, as súas competencias relativas á búsqueda activa de emprego (preparación do CV óptimo para a Unión Europea, preparación de entrevistas de emprego, etc.). Tamén se tentará dar cobertura á orientación relativa a súa formación académica de posgrado nos estudos de doutoramento.

BLOQUE 4: Atención á Diversidade

As actividades deste bloque serán desenvoltas pola UNATEN (Unidad de atención al estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo) no caso da UVIGO e na ADI (Unidade Universitaria de Atención á Diversidade) na UDC. Nos casos no que o profesorado-titor detecte algún tipo de necesidade específica de apoio educativo (alumnos ANEAE) porase en contacto co citado servizo para recibir asesoramento ante o caso presentado.

5. Metodoloxía

A pedagogía actual asenta as súas bases nos principios da interactividade e constructividade, concedendo ao alumnado o protagonismo da súa aprendizaxe, ónde o rol do profesor-titor é de mediador e facilitador do coñecemento. Polo tanto, para a realización eficaz do traballo de titoría, empregárase unha metodoloxía flexible para adaptarse ás diferentes estratexias de aprendizaxe, á diversidade do alumnado e, por suposto, aos diferentes estilos de ensinanza do profesorado.

O proceso titorial consta de varias etapas nas que haberá que negociar, dependendo do nivel de competencia, responsabilidade e interese do alumnado. Preténdese que sexa o alumnado baixo a supervisión e axuda do titor ou titora; quen asuma a responsabilidade na toma de decisións. O titor/a configúrase como un mediador.

Tanto no deseño, planificación e implantación do plan é imprescindible a cooperación e coordinación de todos os axentes que participan no mesmo, e tamén é necesaria a colaboración doutros servizos da Universidade de Vigo e/ou da Universidade da Coruña. Con este método de traballo preténdese contribuír ao novo reto que se presenta co Espazo Europeo de Educación Superior no que se aposta por unha educación baseada en competencias.

6. Os Recursos

Os recursos serán humanos, organizativos e materiais. A realización eficaz do traballo de titoría supón unhas condicións de organización e de distribución de espazos e de tempo que se deben satisfacer. No seguinte cadro reflíctense todos os datos que fan referencia aos recursos implicados no PAT do Máster en Biotecnología Avanzada.

Recursos humanos implicados no PAT			
Organización e Coordinación do PAT			
Cargo	Nome	Tel.	E-mail
Responsable e Coordinador en UVIGO	Prof. Pedro Pablo Gallego Veigas	986812595	pgallego@uvigo.es
Cordinador en UDC	Prof. Manuel Becerra Fernández	981012057	manu@udc.es
Titores/as UVIGO			
Despacho	Nome	Tel.	E-mail
Despacho LI38, Bloque A, Piso 3º	Prof. Raúl Iglesias Blanco	986812394	rib@uvigo.es
Despacho LI20, Bloque A, Piso 1º	Prof. Pedro Pablo Gallego Veigas	986812595	pgallego@uvigo.es
Edificio Isaac Newton, Puerta 19	Profª. Ángeles Sanroman	986812383	sanroman@uvigo.es
Titores/as UDC			
Despacho	Nome	Tel.	E-mail
Despacho Facultade de Ciencias	Prof. Manuel Becerra Fernández	981012057	manu@udc.es
Despacho Facultade de Ciencias da Saúde	Profª. Mª Carmen Arufe Gonda	981178272	maria.arufe@udc.es
Despacho Facultade de Ciencias	Profª. Mª Carmen Veiga Barbazán	981012037	veiga@udc.es

Ao marxe dos recursos humanos descritos, contarase coa participación activa de persoal da Facultade de Bioloxía, da Facultade de Ciencias da UDC, da Fundación da Universidades de Vigo, da Fundación da Universidade da Coruña, do Colexio Oficial de Biólogos, etc...co fin de aportar información e asesoramento das saídas profesionais da Biotecnoloxía e no ámbito laboral.

Para o desenvolvemento das actividades expostas se impulsará o traballo en equipo, a colaboración e a coordinación docente. O seguimento do Plan realizarase principalmente a través das reunións acordadas entre os axentes responsables do PAT.

Con respecto aos **recursos materiais** contarase con todos aqueles materiais dispoñibles no centro, na Universidade de Vigo e na Universidade da Coruña, así como tamén materiais de tipo informativo e incluso didáctico que podan facilitar outras institucións ou servizos do entorno.

Recursos materiais implicados no PAT			
Material	Soportes	Localización	Observacións
Web do Máster	Electrónico	http://masterbiotecnologiaavanzada.com/	
Web da Facultade de Bioloxía da UVIGO	Electrónico	http://bioloxia.uvigo.es/	
Web da Facultade de Ciencias da UDC	Electrónico	http://ciencias.udc.es/	
Web da Universidade de Vigo	Electrónico	www.uvigo.es	
Web da Universidade da Coruña	Electrónico	https://www.udc.es/	
PAT	Electrónico	http://masterbiotecnologiaavanzada.com/index.php/plan-docente/plan-de-accion-tutorial	

Os centros implicados (Facultade de Bioloxía da UVIGO e Facultade de Ciencias da UDC) habilitarán as aulas ou espazos, para o desenvolvemento das reunións individuais e grupais co alumnado. Estas aulas, xunto cos horarios e os titores asignados a cada grupo de alumnos publicarase anualmente.

As novas tecnoloxías suporán tamén unha ferramenta útil para o asesoramento individual. Poderase habilitar na **plataforma tema** un espazo para as consultas entre titores e alumnos.

Como non todos os titores son profesores de materias de primeiro semestre, as consustas entre titores e alumnos poderanse facer mediante o correo electrónico de ambos. O decanato da Facultade de Bioloxía garantizará que o plan de acción tutorial esté dispoñible para todos os alumnos/as na web do Máster.

7. A Avaliación

A avaliación do PAT concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que aporte datos sobre:

- Os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan (produto).
- A idoneidade dos medios e recursos empregados para obter ditos resultados (proceso).

Os datos da avaliación constituirán un elemento para a reflexión que contribuirá ao perfeccionamento profesional e, a lograr os obxectivos establecidos con carácter xeral.

Constitúe unha ferramenta esencial xa que proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e á finalización do mesmo.

Enténdese, polo tanto, que a avaliación ten un carácter formativo xa que, ademais de avaliar produtos, avalía o proceso permitindo introducir melloras de forma continua e contribuír finalmente á mellora da calidade e da

excelencia da educación. De acordo a isto establécese o seguinte tipo de avaliación: **Avaliación procesual, formativa e criterial**, que ademais se fixa en tres momentos:

Inicial: detectando o punto de partida despois da análise de necesidades, para axustar a intervención e previr.

Continua: o desenvolvemento da actividade orientadora e titorial será obxecto dunha avaliación continua de carácter formativo, co obxectivo de favorecer a introdución das modificacións precisas, se fose o caso.

Final: a valoración global das accións realizadas, onde se analizará o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as consecuencias e propostas de mellora que deberían incorporarse ao plan do curso seguinte.



Anexo I



Plan de Acción Tutorial Máster en Biotecnología Avanzada

TUTOR/A:
Correo electrónico:
Despacho:

ALUMNOS/AS

Apellidos, Nombre

Correo electrónico

Teléfono

Anexo II

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL : Ficha Inicial de detección de necesidades	
Centro	Ano Académico 20 __/__
DATOS PERSOAIS ALUMNO/A	
Apelidos e nome	Fotografía
Curso e Titulación	
D.N.I.	
Lugar de nacemento	
Data de nacemento	
Enfermidade ou algún tipo de discapacidade	
Domicilio	
Teléfono/E-mail	
Motivación para a elección da titulación	
Actividades do seu interese	
Outras inquietudes	
CONTEXTO DE ESTUDO E TRABALLO	
Tipo de residencia (familiar, piso estudante residencia, piso propio...	
Forma de sufragar gastos (axuda familiar, bolsa, traballo)	
Posibilidades de asistencia á clase	
Tempo potencial para o estudo diario	

<p>Forma de abordar o estudo diario (organización, grupal ou individual, como resolve dúbidas...)</p>	
<p>¿Considera importante acudir ás titorías das materias? ¿Emprégaas?</p>	
<p>TRAXECTORIA ACADÉMICA</p>	
<p>Estudios realizados para acceder a esta titulación</p>	
<p>Modalidade</p>	
<p>Outros estudos ou formación complementaria</p>	
<p>Gustaríalle ampliar a súa formación? ¿En que temas está interesado?</p>	

Anexo III

(A recoger por el tutor de alumnos en cada una de las sesiones de tutoría en grupo)

Ficha de Seguimiento de Tutorías del PAT				
Sesión de tutoría en grupo <i>(marque la que corresponda; se indica la fecha prevista)</i>	1ª Reunión 22 septiembre	2ª Reunión 11 enero	3ª Reunión 4 junio	Otras reuniones
Nombre de alumnos asistentes				Firma
Breve informe del tutor sobre la reunión <i>(si fuese necesario, añadir hoja aparte)</i>				
Nombre y firma del tutor				

IMPORTANTE: Esta evidencia debe ser retornada a los coordinadores del PAT después de cada reunión. Esto permitirá hacer un seguimiento continuo de la actividad tutorial en el curso y tratar de resolver, si fuese preciso, los problemas que se puedan detectar.

Fecha de Revisión y Aprobación en Comisión Académica Interuniversitaria del Máster:
17/07/2024.

Fdo: Pedro Pablo Gallego
(Presidente de la CAM Interuniversitaria)